



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Sostibilidade e Conservación da Fauna		Código	610G02034
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Bioloxía			
Coordinación	Fernández Rodríguez, Nuria	Correo electrónico	n.fernandez1@udc.es	
Profesorado	Fernández Rodríguez, Nuria Muiño Boedo, Ramon Jose	Correo electrónico	n.fernandez1@udc.es ramon.muino@udc.es	
Web				
Descripción xeral	A materia de sustentabilidade e conservación da fauna ten por obxectivo proporcionar aos alumnos os fundamentos teóricos nos que se basean a conservación e xestión sostible da biodiversidade animal, tanto no que se refire a cuestións da ciencia básica como a outras cuestións relacionadas coa toma de decisións, utilizando un enfoque aplicado á solución de problemas.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizaran cambios nos contidos</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manterannse todas as metodoloxías iniciais, modificándose nalgúns casos, a forma de impartilas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Clases maxistrais: manteranse as clases no seu horario habitual, mais impartidas e gravadas mediante a ferramenta TEAMS. Proba obxectiva. As probas previstas ao inicio de curso manteranse, cambiando a presencialidade por exame a través da plataforma Moodle e nalgún casos poderá facerse exame oral mediante TEAMS. Estudo de casos: un dos estudos de caso inclúa unha visita á unha mina restaurada , que sería substituída pola lectura dun documento con información sobre o proceso de restauración ecolólica desenvolvido nesta mina. A avaliación desta actividade manteranse vía Moodle</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico/ Teams</p> <p>4. Modificacións na avaliação Proba obxectiva 50% .Exame final (ou parciais no caso da escolha de avaliação continua), on-line. Seminario 30% Sen cambios. Entrega de traballos on-line. Estudo de casos 20% Sen cambios salvo a visita á mina restaurada cambiado por tarefa online.</p> <p>*Observacións de avaliação: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen modificacións</p>			

Competencias / Resultados do título



Código	Competencias / Resultados do título		
Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Análise de problemas relacionados ca sostenibilidade e a conservación da biodiversidade		A1 A4 A6 A9 A20 A22 A23 A26 A29	B1 B3 B4 B6 B7 B9 B10 B12 B13
Análise interdisciplinar dos problemas de xestión dos recursos vivos e os ecosistemas		A1 A6 A9 A18 A20 A22 A23 A24 A27 A28	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13
Elaboración de propostas de plans de xestión da biodiversidade, dos ecosistemas e dos recursos explotados		A1 A4 A9 A22 A23 A24 A27 A28 A29	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13



Desenvolvemento de proxectos relacionados ca sostenibilidade e a conservación biolóxica	A1 A4 A6 A9 A18 A20 A22 A23 A24 A26 A28 A32	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B12 B13
---	--	---

Contidos		
Temas	Subtemas	
1. BIOLOXÍA DA CONSERVACIÓN	Xestión de recursos naturais vivos. Conceptos.	
2. A BIODIVERSIDADE E FUNCIÓN DOS ECOSISTEMAS.	Definición e niveis de biodiversidade. Diversidade taxonómica: Medición da diversidade; Patróns de diversidade biolóxica no espazo e no tempo. Biodiversidade e funcionamento dos ecosistemas	
3. SERVIZOS DOS ECOSISTEMAS E A SÚA VALORACIÓN.	Economía ambiental/Economía ecolóxica. Bens e servizos proporcionados polos ecosistemas. Valoración económica dos servizos dos ecosistemas.	
4. SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL PARA A CONSERVACIÓN E O USO SOSTIBLE DA BIODIVERSIDADE	Sostenibilidade. Desenvolvemento sostenible. Bases socioeconómicas e legais. Dereitos de propiedade. A traxedia dos comúns. Compoñentes e modelos de sistemas de xestión.	
5. EXPLOTACIÓN SOSTIBLE. CONCEPTOS E MODELOS BÁSICOS DE POBOACIÓN ANIMAIS.	O crecimiento loxístico; Taxas de crecimiento; Capacidad de carga; Sobreexploatación;	
6. A PESCA MARIÑA COMO MODELO DE EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS ANIMAIS.	A importancia socioeconómica da pesca mariña. Tendencias nas pesquerías mundiais: evolución histórica e estado actual. Estatus dos stocks pesqueiros.	
7. EFECTOS ECOLÓXICOS DA PESCA.	Actividades humanas que afectan aos ecosistemas mariños. Efectos directos sobre as poboacións. Alteracións de hábitats. Efectos sobre as comunidades e ecosistemas	
8. ACUICULTURA: ALTERNATIVA OU FACTOR DE SOBREEXPLOTAÇÃO?	Crecemento da poboación vs sistemas produtivos. A producción acuícola. Efectos ecológicos da acuicultura. Alternativas para unha acuicultura sostenible.	
9. MÉTODOS DE AVALIACIÓN DE POBOACIÓN ANIMAIS EXPLOTADAS.	Obxectivos das avaliaciós. Obtención de datos. Métodos directos e indirectos de avaliación.	
10. ESTRATEGIAS DE XESTIÓN DE RECURSOS EXPLOTADOS.	Compoñentes dos sistemas de xestión de pesquerías. Información científica para unha xestión preventiva. Medidas de regulación. Principais estratexias de xestión pesqueira. Experiencias sobre logros e problemas das medidas de regulación.	
11. FACTORES EXTERNOS DE AMEAZA PARA A DIVERSIDADE ANIMAL.	Cambios no hábitat. Presenza de organismos alóctonos. Contaminación ambiental. Sobreexploatación. Cambios globais.	
12. FACTORES INTRÍNSECOS DE AMEAZA PARA A DIVERSIDADE ANIMAL.	Problemas das poboacións pequenas. Poboación mínima viable. Variabilidade xenética e poboación efectiva. Causas dos declives das poboacións pequenas	
13. MÉTODOS DE AVALIACIÓN DO ESTADO DE CONSERVACIÓN DAS POBOACIÓN ANIMAIS.	Monitorización de poboacións. Modelos predictivos	
14. ESTRATEGIAS PARA A CONSERVACIÓN DE POBOACIÓN E ESPECIES.	Conservación in situ vs conservación ex situ	
15. ESTRATEGIAS PARA A CONSERVACIÓN DE COMUNIDADES	Áreas protexidas. Establecemento de prioridades de protección. Aproximacións para a designación de áreas protexidas. Deseño. Xestión.	



16. RESTAURACIÓN É CONSERVACIÓN.	Escalas espaciais e temporais do proceso de degradación de hábitats naturais. Elementos para unha restauración efectiva. Riscos e limitacións nos procesos de restauración ambiental.
----------------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A6 A9 A18 A23 A24 A28 B1 B3 B7 B8 B9 B10	20	54	74
Seminario	A4 A26 A29 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13	9	31	40
Proba obxectiva	A6 A9 A24 B2 B3 B4 B6 B8 B10 B13	4	9	13
Estudo de casos	A6 A20 A22 A23 A24 A26 A27 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	13	7	20
Actividades iniciais	B6 B8 B9 B13	1	0	1
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías		Descripción
Sesión maxistral		Exposición de 16 temas cos principais contidos da materia. Cada un deles terá 50 minutos de duración. A asistencia non é obligatoria pero sí é recomendable.
Seminario		Haberá charlas/debate realizadas por algún conferenciante invitado. Tamén se farán análise e discusión sobre algún artigo científico ou documento audiovisual relacionado con temas da materia. Realizaranse asimismo exercicios para o reforzo do contenido teórico dalgún dos temas expostos nas clases maxistrais. Á asistencia non é obligatoria pero sí moi recomendable.
Proba obxectiva		Trátase dunha proba con definicións e/ou preguntas de respuestas curtas, sobre conceptos básicos da materia e problemas teórico/prácticos para que sexan resoltos polo alumno. Alternativamente, os estudiantes terán a posibilidade de realizar probas obxectivas parciais ao longo do curso que lles permitirán aprobar a materia mediante avaliación continua.
Estudo de casos		Está prevista unha visita á unha das antigas minas de lignito de Galicia, onde se ve in situ un proceso de restauración ecolólica coas súas vantaxes e limitacións. Haberá tamén 3 sesións de prácticas nas que se formularán distintos problemas de conservación e xestión sostible de recursos animais, que cada alumno resolverá individualmente ou en grupos. A asistencia é obligatoria.
Actividades iniciais		A primeira hora do curso adicarase a explicar a materia, como vai ser a avaliación, os seminarios programados, e a resolver calquera dúbida relacionada coa materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	
Seminario	
Estudo de casos	

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Seminario	A4 A26 A29 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13	En todos os seminarios avaliarase a participación activa, e nalgúns casos poderá haber un examen curto ao final, presencial ou vía Moodle. Os alumnos que non asistan aos seminarios e, polo tanto, non estean presentes nas sesións de discusión nin realicen os exames curtos, obterán unha cualificación de 0 puntos na actividade realizada ese día. A nota obtida dos seminarios manterase invariable para o cómputo da nota final, no caso dos alumnos que teñan que acudir á segunda oportunidade (xullo).	30
Proba obxectiva	A6 A9 A24 B2 B3 B4 B6 B8 B10 B13	Trátase dunha proba con preguntas curtas, definicións ou preguntas de integración de coñecementos, sobre os 16 temas de teoría. Alternativamente os estudiantes terán a opción de facer 4 probas obxectivas parciais ao longo do curso.	50
Estudo de casos	A6 A20 A22 A23 A24 A26 A27 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	Os estudos de casos son de carácter obligatorio. Ao finalizar o estudio de casos haberá un exame na plataforma Moodle. A nota obtida nesta proba manterase invariable para o cómputo da nota final, no caso dos alumnos que teñan que acudir á segunda oportunidade (xullo).	20
Outros			

Observacións avaliación

A avaliación da materia terá en conta o coñecemento do programa teórico, as actividades prácticas realizadas como "estudo de casos", así como os debates e os exames curtos realizados nos seminarios.

Para aprobar a materia haberá que cumplir os criterios de evaluación estipulados e obter unha puntuación mínima de 5,0 puntos. Para as cualificacións finais de ambas oportunidades, serán considerados como ?Non presentados? aqueles alumnos que non comparezan as probas obxectivas nas datas oficiais sinaladas.

Serán considerados como ?Suspensos? os alumnos presentados que non acadan a puntuación global de 5,0 puntos ou non cheguen a 5,0 puntos sobre 10 na proba obxectiva (independientemente da nota obtida nos seminarios e nas prácticas). Neste caso, figurará na acta a nota obtida na proba obxectiva.

Para aqueles alumnos que opten pola avaliación continua, será necesario, acadar un 5 en tódalas probas parciais. O alumnos que suspenda unha das probas, quedan automáticamente excluidos deste modelo de avaliación e deberán presentarse á proba obxectiva final de toda a materia.

Se por razóns debidamente xustificadas, de acordo coa normativa vixente, un alumno se vira imposibilitado para asistir a alguma sesión dos estudos de caso e/ou de seminarios, deberá (no caso dos estudos de casos) ou poderá (no caso dos seminarios) fazer fronte a probas específicas ou actividades alternativas que se engadirán á ?proba obxectiva?. A nota acadada nesas probas específicas ou actividades alternativas adicionaráse á xa obtida nos estudos de caso e seminarios nos que participou.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Tellería, JL (2012). Introducción a la Conservación de las Especies. Tundra Ediciones. Valencia.- King, M (2006). Fisheries Biology, Assessment and Management. Blackwell Publishing- Chaparro, L (2014). Sin mala espina. Guía de consumo responsable de pescado y de marisco. Libros en Acción- Jennings S, MJ Kaiser & JD Reynolds (2001). Marine fisheries ecology.. Blackwell Science.- Primack RB (1993). Essentials of conservation biology.. Sinauer Associates- Pullin AS (2002). Conservation biology. Cambridge University Press.- Akçakaya HR, MA Burgman & LR Ginzburg (1999). Applied population ecology. Principles and computer exorcises using RAMAS Ecolab (2nd edition). Sinauer Associates.- Gibbs JP, ML Hunter Jr. & EJ Sterling (1998). Problem-solving in conservation biology and wildlife management. Blackwell Science.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomienda ter cursado previamente	
Xenética/610G02019	
Zooloxía I/610G02031	
Zooloxía II/610G02032	
Biodiversidade animal e medio ambiente/610G02033	
Ecoloxía II: Poboacions e comunidades/610G02040	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Observacións	
<p>Debido a que a materia sintetiza coñecementos de materias moi diversas; nos;</p> <p>eidos da Bioloxía, especialmente de Ecoloxía e Biodiversidade Animal e Medio Ambiente, e que non existe ningún texto que reúna todos os contidos impartidos, recomendase que os alumnos asistan ás clases teóricas. É esencial para os alumnos facer uso da Plataforma Virtual da UDC. De maneira complementaria, para cada un dos apartados do temario,</p> <p>recomendase unha serie de referencias bibliográficas, todas elas</p> <p>presentes na biblioteca da Facultade, que os alumnos poderán consultar</p> <p>para ampliar coñecementos. É conveniente contar cun coñecemento de inglés a un nivel de lectura medio. É conveniente contar con coñecementos a nivel usuario de ferramentas informáticas básicas.</p>	

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías